

'Sempre en Galiza. Sempre con Castelao': un roteiro literario homenaxea o escritor, artista e referente do nacionalismo na Coruña

María Pilar García Negro dirixiu un paseo cultural desde os xardíns dos Cantóns até o teatro Rosalía de Castro.

Redacción 28/xuño/25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/roteiro/20250628203516226511.html>

O monumento a Castelao inaugurado nos xardíns dos Cantóns, na Coruña, no ano 1986, centenario do seu nacemento, obra de Manuel Ferreiro Badía, foi o escenario escollido pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) para iniciar este sábado, 28 de xuño, o roteiro literario '[Sempre en Galiza](#). Sempre con Castelao'.

Esta iniciativa da AELG, dirixida pola escritora e profesora **María Pilar García Negro**, pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man de autoras e autores que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas aos espazos que se dispoñen a percorrer. A proposta é un convite á cidadanía a gozar persoalmente dos espazos físicos máis tamén da súa relación coa memoria literaria. No caso concreto do paseo literario que decorreu pola Coruña, centrouse en dous únicos espazos para atender a tres momentos diferentes da vida e traxectoria de Castelao.

Os xardíns dos Cantóns, nos que Castelao asistiu á inauguración da escultura dedicada a Curros Enríquez nos primeiros anos 30 do século XX, déronlle a benvinda ás persoas participantes que descubriron, primeiro, **o tempo vital e histórico de Castelao**, para achegarse despois ao artista, escritor, político nacionalista e patriota galego. Xa na recta final, ante a fachada principal do teatro Rosalía de Castro, García Negro detívose no exilio e na obra derradeira de Castelao, *Sempre en Galiza*.

Ao longo dunha hora repasou os fitos fundamentais da biografía e produción de Castelao, de quen dixo que traballou como se dun "ourive" se tratase, "a prosa narrativa, o ensaio, a oratoria e tamén a obra dramática". Máis García Negro tamén acudiu ás propias palabras do autor para dar conta do seu sentir artístico e político: "Eu non fun nunca un político profesional, **a política non foi nunca a miña profesión, máis si a miña vocación**, a vocación de toda a miña vida. Comparede o sentimento galego dos meus primeiros debuxos coa idea galeguista do meu recente libro [*Sempre en Galiza*] e veredes que son a mesma cousa", afirmou Castelao en 1944 ante republicanos españois e nacionalistas vascos e cataláns.

García Negro salientou a carga de profundidade da obra de Castelao, quen deixou constancia nos seus debuxos, caricaturas, escritos e pensamento "**o fondo coñecemento da realidade galega do seu tempo**", da maioría social galega, do pobo labrego e mariñeiro, dos nenos e das mulleres"; mais tamén fixo memoria das achegas de Castelao ao proxecto político que o Estatuto do 36 definía para Galiza, sen perder de vista as dilacións que adiaron o seu plebiscito até o 28 de xuño daquel ano, apoiado por unha ampla maioría popular máis frustrado polo golpe de Estado do xeneral Franco só tres días despois da súa entrega en Madrid ao presidente das Cortes e da República.

O roteiro literario 'Sempre en Galiza. Sempre con Castelao', impulsada pola AELG achegou a figura de Castelao a máis dunha vintena de persoas que finalizaron á beira do Atlántico un percorrido que tamén situou Castelao a unha beirae a outra do océano, e que concluiu co [regreso dos seus restos mortais a Galiza no ano 1984](#) para seren depositadaos no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.